



**ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA E ELECCIÓN DE ALCALDE DA  
CORPORACIÓN DO CONCELLO DE TUI ( PONTEVEDRA) CELEBRADA O DÍA  
TRECE DE XUÑO DE DOUS MIL QUINCE**

**SESIÓN Nº 6/2015**

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Tui ( Pontevedra ), sendo as doce horas do día da data, como consecuencia das eleccións celebradas o día 24 de maio de 2015 e para dar cumprimento ao disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985 do 19 de xuño, do Réxime Electoral Local, e artigos 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado mediante RD 2568/1986, do 28 de novembro, reuníronse en sesión pública os cargos electos seguintes:

**CARGOS ELECTOS PRESENTES:**

Antonio F. Fernández Rocha  
Estrella Carmen Muradas Maceira  
Antonio Castro Negro  
José Rodríguez Romero  
Enrique Cabaleiro González  
María Yolanda Rodríguez Rodríguez  
José Ramón Magán Rivera  
Carlos Vázquez Padín  
Eduardo Freiría Martínez  
María del Carmen Núñez Méndez  
José Martínez Tato  
Manuel González Vázquez  
Milagros González Monteiro  
Miguel A. Capón Rey  
María José González Pérez  
Laureano Alonso Pérez  
José Manuel Sousa Sousa.

Na Casa do Concello, ás doce horas do día trece de xuño de dous mil quince, reúnen os/as concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do cargo electo de maior idade Miguel Angel Capón Rey. Asiste a Secretaria da corporación, Irene Suárez López. Tamén está presente o Interventor municipal, Aitor Iglesias Monzón. O obxecto da reunión é realizar sesión constitutiva da Corporación.

**SECRETARIA**

Irene Suárez López

**AUSENCIAS XUSTIFICADAS:**

**AUSENCIAS NON XUSTIFICADAS:**

Os asistentes constitúen a maioría absoluta dos concelleiros electos de conformidade co *quórum* requirido polo artigo 37.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro.

## **PRIMEIRO.- (UNICO) CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL E ELECCIÓN DE ALCALDE**

### **1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.**

Declarada aberta a sesión, a Secretaria fai uso da palabra para facer constar *“En cumprimento do establecido no artigo 195.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral, e en virtude do disposto nos artigos 36 e 37 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, procede realizar o acto de constitución da Corporación Municipal do Concello de Tui, así como a elección de Alcalde, a cuxos efectos debe formarse Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, ostentando esta condición de acordo ca acta da Xunta Electoral de Zona de proclamación de candidatos de data 1 de Xuño de 2015 , Miguel Angel Capón Rey e Eduardo Freiría Martínez, actuando o primeiro como Presidente e como Secretaria a da Corporación, Irene Suárez López.”*

De seguido a Secretaria indica que os concelleiros que forman a mesa de idade deben xurar ou prometer o cargo.

Os dous concelleiros prestan xuramento de acordo coa fórmula do RD 707/1979, de 5 de Abril, e de conformidade co establecido no art. 108.6 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño.

A Mesa de Idade queda constituída polos cargos electos referidos situándose na cabeceira do Salón de Sesións.

### **2.- COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS.**

A mesa de idade procede ao exame das credenciais presentadas polos concelleiros e comprobada a personalidade dos asistentes en base á certificación remitida pola Xunta Electoral compróbase por esta Secretaría, que concorreron todos os concelleiros que representan a maioría absoluta dos proclamados.

### **3.- XURAMENTO E PROMESA DOS CONCELLEIROS.**

A Secretaria, polo orde recollido na acta da Xunta Electoral de Zona, procede ó chamamento dos Concelleiros para que, baixo a fórmula do RD 707/1979 do 5 de abril, e de conformidade co



establecido no artigo 108.6 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, presten xuramento ou promesa.

#### **4.- DECLARACIÓN DE COMPOSICIÓN DA CORPORACIÓN.**

Unha vez que todos os concelleiros xuran ou prometen o seu cargo, pola Mesa declárase constituída a Corporación do Concello de Tui.

#### **5.- ELECCIÓN DE ALCALDE.**

Acto seguido a Secretaria da lectura ás normas reguladoras da elección de Alcalde contidas no artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, cuxo texto é o seguinte:

*Artigo 196.- Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese a elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:*

- a) Poden ser candidatos todos os Concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.*
- b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.*
- c) Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente Municipio. En caso de empate resolverase por sorteo.(...)"*

A Presidencia require que se formulen, no seu caso, a presentación de candidatos á Alcaldía, sendo presentados os seguintes: Antonio F. Fernández Rocha, Enrique Cabaleiro González e Manuel González Vázquez.

A continuación o Presidente da Mesa de Idade indica que se vai a proceder a realizar a votación a man alzada, téndose en conta os votos a favor, en contra e as abstencións en relación a cada un dos candidatos.

A candidatura de **Antonio F. Fernández Rocha** acada a seguinte votación: catro ( 4 ) votos a favor dos concelleiros Antonio F. Fernández Rocha, Estrella Carmen Muradas Maceira, Antonio Castro Negro e José Rodríguez Romero e trece ( 13 ) votos en contra dos concelleiros Enrique Cabaleiro González, María Yolanda Rodríguez Rodríguez, José Ramón Magán Rivera, Carlos Vázquez Padín, Eduardo Freiría Martínez, María del Carmen Núñez Méndez, José Martínez Tato, Manuel González Vázquez, Milagros González Monteiro, Miguel Angel Capón Rey, María José González Pérez, Laureano Alonso Álvarez e José Manuel Sousa Sousa.

A candidatura de **Enrique Cabaleiro González** acada a seguinte votación: once ( 11 ) votos a favor dos concelleiros Enrique Cabaleiro González, María Yolanda Rodríguez Rodríguez, José Ramón Magán Rivera, Carlos Vázquez Padín, Eduardo Freiría Martínez, María del Carmen Núñez Méndez, José Martínez Tato, Miguel Angel Capón Rey, María José González Pérez, Laureano Alonso Álvarez e José Manuel Sousa Sousa e seis ( 6 ) abstencións dos concelleiros Antonio F. Fernández Rocha, Estrella Carmen Muradas Maceira, Antonio Castro Negro, José Rodríguez Romero, Manuel González Vázquez e Milagros González Monteiro.

A candidatura de **Manuel González Vázquez** acada a seguinte votación: dous ( 2 ) votos a favor dos concelleiros Manuel González Vázquez e Milagros González Monteiro, catro ( 4 ) abstencións dos concelleiros Antonio F. Fernández Rocha, Estrella Carmen Muradas Maceira, Antonio Castro Negro e José Rodríguez Romero e once ( 11 ) votos en contra dos concelleiros Enrique Cabaleiro González, María Yolanda Rodríguez Rodríguez, José Ramón Magán Rivera, Carlos Vázquez Padín, Eduardo Freiría Martínez, María del Carmen Núñez Méndez, José Martínez Tato, Miguel Angel Capón Rey, María José González Pérez, Laureano Alonso Álvarez e José Manuel Sousa Sousa.

**A Presidencia da lectura ao resultado da votación, indicando que obtén a maioría absoluta o candidato Enrique Cabaleiro González e queda proclamado, polo tanto, Alcalde da Corporación.**

## **6.- XURAMENTO OU PROMESA DO ALCALDE E TOMA DE POSESIÓN.**

Previa aceptación e promesa do cargo con lectura da fórmula do RD 707/1979, o candidato elixido Enrique Cabaleiro González, toma posesión do cargo.

De seguido a Presidencia fai entrega do bastón de mando ao Alcalde.

Sendo as 12:15 minutos o Alcalde ocupa a cabeceira do Salón de Sesións e fai a seguinte intervención:

Da os bos días a todos os veciños e di que folga dicir que o concello é a súa casa e a partir dese momento faránlllo sentir así. Da a benvinda a todos os concelleiros e agradece os votos daqueles que o investiron alcalde e tamén aos que non, porque está convencido que, en interese de todos, serán exemplos por chegar a acordos. Di que están nunha situación complexa, con oito grupos políticos municipais representados, e de feito en todas as entrevistas que lle teñen feito eses días, poñían o aceno nesa complexidade, pero cre que para nada debe ser así e que ao contrario teñen a oportunidade de ser un exemplo.

O Alcalde continúa dicindo que nesa mañá recibiu unha mensaxe dunha ex concelleira, María Fernández García, no que lle felicitaba pola súa investidura e tamén lle pedía que se puxeran a traballar canto antes, e di que será iso, precisamente o que farán, ao longo desa semana, formando goberno e tendendo pontes con cada grupo. Di que tamén lle pedía nesa mensaxe, humildade e está de acordo en que, están en minoría e iso obrígaos a ser humildes e responsables, asumindo tamén que é unha responsabilidade temporal, premisa coa que tamén asumen o mandato e buscando consenso que é o que impera. Di tamén que lles pedía legalidade e xustiza e non lle cabe a menor dúbida que debe ser así, para mellorar a vida de todos.

Xa no capítulo dos agradecementos di que lle gustaría comezar por agradecer dun xeito especial o traballo de catro anos do ex alcalde, Moisés Rodríguez Pérez e o seu equipo, porque cre que, mais alá da discrepancia hai que ser respectuosos; así como lles agradece o traspaso de poderes. Tamén quere agradecer o traballo de todos os compañeiros e compañeiras do Partido Socialista e aos veciños e axentes sociais que lles achegaron ideas e que fixeron posible que comece un novo



ciclo político. Asemade, di que lle gustaría tamén ter un recordo para todos aqueles que participaron na vida pública do concello, especialmente para os alcaldes xa falecidos, Álvarez Durán e José Luis García Núñez, que alá onde estean se sintan recompensados por ese exercicio de democracia, pero tamén para todos aqueles que pasaron por alí como alcaldes.

Por último o alcalde pide a todos que se carguen de ilusión, sempre se fala dos valores de Tui e cre que son precisamente eses valores os que deberán marcar a súa ruta.

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as doce horas e trinta minutos estendéndose a presente acta da que, eu, Secretaria, certifico.

Vº e Pº.